- Adquirir conceptos teóricos e habilidades prácticas para o emprego de habilidades que faculten ao alumno no manexo e aplicación dos novos medios tecnolóxicos e dixitais na súa formación continuada e o exercicio profesional	A2 A4 A5	B3 B7 B9 B10 B11 B12	C10 C29 C41 C57 C61	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D21

- Ser quen de buscar, seleccionar e avaliar ou deseñar e construír materiais didácticos en soporte tecnolóxico adaptados ás características do alumnado e dos contidos de aprendizaxe, así como de realizar unha proposta didáctica de integración curricular en contextos específicos.	A3 A4 A5	B1 B2 B3 B7 B9 B10 B11	C25 C28 C29 C41	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D21
- Identificar puntos fortes e febles nos materiais dixitais avaliando e determinando as súas posibilidades de integración nos procesos de ensino-aprendizaxe.				D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D21
- Integrar os novos medios de comunicación nos procesos de ensino-aprendizaxe.	A5	B3 B7 B9 B10 B11 B12	C41 C50 C57 C61	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D21
- Afrontar a producción e adaptación de materiais e recursos tecnolóxicos de forma creativa e innovadora axustándose ás necesidades de contornas específicas.	A4 A5	B11	C28 C41 C50 C57 C61	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D21

- Desenvolver as capacidades de colaboración, participación activa e traballo en equipa como instrumentos básicos da formación como futuros docentes, e tomar conciencia de que o traballo é unha labor de equipa.	A2 A5	B4 B5	C29	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D21
- Traballar autónomamente, cun posicionamento académico e unha actitude investigadora ante os procesos educativos en xeral e a educación virtual ou e-learning, en particular.	A5			D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D21

Contidos	
Tema	
Tema 1: Recursos, novas tecnoloxías e tecnoloxías da información e comunicación na educación.	1.0. As TIC na sociedade da información 1.1. Alfabetización tecnolóxica e competencia dixital 1.2. Impacto social e educativo da cultura audiovisual e dixital 1.3. Papel dos centros educativos na sociedade da información 1.4. A integración das TIC en contextos educativos: - Factores que influen na súa integración - Perspectivas curriculares e modelos de integración das TIC - Proxectos europeos, nacionais e galegos de implantación das TIC nos centros
Tema 2: Emprego das principais ferramentas de internet.	2.0 Recursos web para a educación 2.1. Ferramentas de comunicación en educación 2.2. Aplicacions educativas da Web 2.0 2.3.Metodoloxías de traballo con Internet na aula: webquest, cazas do tesouro... 2.4. Novas posibilidades educativas e desafíos na rede: - Seguridade da infancia en Internet - Entornos virtuais de ensinanza-aprendizaxe - Traballo colaborativo con TIC - Realidade aumentada

Tema 3: Aplicación didáctica, organizativo-administrativa y de ocio de las nuevas tecnologías en la educación.	3.1. A linguaxe audiovisual e os medios de comunicación de masas: - Lectura de imaxes. A imaxe dixital. - A televisión e a publicidade na aula. - Outros medios de comunicación de masas na aula 3.2. Utilización educativa do vídeo e do cine: - Funcións do vídeo na ensinanza - Metodoloxía, uso e explotación didáctica dos vídeos - Integración do cine en educación 3.3. Inclusión educativa con apoio das TIC: - As tecnoloxías de apoio a diversidade: tipoloxías e funcións. - Criterios para a súa inclusión no curriculum. - Ventaxas e criterios para o uso das TIC na inclusión do alumnado. 3.4. Novos recursos TIC para os procesos de ensino- aprendizaxe: - Do libro de texto ao libro dixital - Metodoloxía de traballo coa pizarra dixital interactiva (PDI) na aula - Espazos TIC: aula de informática, ordenador na aula ou aprendizaxe ubicua - Videoxogos e gamificación para o ensino 3.5. A avaliación e a titoría a través das TIC : - O portafolio e a rúbrica para a avaliación e seguemento de aprendizaxes - A acción titorial mediada por TIC 3.6. m-learning (mobile learning) e o movemento BYOD (Bring Your Own Device) nos centros educativos. 3.7. Recursos multimedia para a educación: - Concepto, clasificación e características dos multimedia educativos - Funcións e orientacións para o uso didáctico do multimedia educativo - Selección e avaliación de multimedias educativos - Deseño e elaboración de materiais didácticos multimedia 3.8. STEAM en Educación Infantil
PARTE PRÁCTICA	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia. Desenvólvense a través das TIC de xeito autónomo en espazos especiais con equipamento especializado. As prácticas, que se concretarán na primeira semana de clase en función dos coñecementos previos dos alumnos e a disponibilidade de recursos, serán proxectos de traballo individuais ou en pequeno grupo e xirarán en col dos temas abordados na teoría, e ao redor dos seguintes eixos: 1. Ferramentas para o traballo colaborativo en rede. 2. Análise e selección de materiais e recursos educativos en formato dixital 3. Planificación e deseño de materiais e recursos educativos en formato dixital 4. Ferramentas para a titoría, xestión e organización do centro e aula. 5. Revista escolar 6. TV e radio escolar 7. Dispositivos móbiles na aula (tablets, smartphone, iPod...) e BYOD 8. Protección de datos e seguridade da infancia en Internet 9. Realidade aumentada 10. Libros electrónicos 11. Stop-motion 12. Mapas sonoros xeo-referenciados 13. Robótica en educación infantil 14 Calquera outro relacionado coa materia e previamente negociado coa profesora O produto final será un E-PORTFOLIO que se elaborará ao longo do cuadrimestre e que deberá conter, entre outros, a colección ou recompilación en formato dixital de cada unha das tarefas e reflexións que cada alumno irá ensamblado, mantendo e coidando. O resultado final da parte práctica será defendido oralmente ao final do cuadrimestre.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	1	5	6
Seminario	2	5	7
Prácticas con apoio das TIC	10	10	20

Aprendizaxe-servizo	0	5	5
Lección maxistral	16.5	0	16.5
Aprendizaxe colaborativa	15	15.5	30.5
Gamificación	1	0	1
Aprendizaxe baseado en proxectos	5	35	40
Cartafol/dossier	2	14	16
Exame de preguntas obxectivas	1	7	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Traballo tutelado	O alumnado desenvolve exercicios ou proxectos vinculados a cada un dos temas.
Seminario	Entrevistas que o alumnado mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe. Van encamiñadas a guiar todo o proceso de aprendizaxe proporcionando documentación, resolvendo dúbidas, orientando traballos, corrixindo propostas, etc.
Prácticas con apoio das TIC	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedementais relacionadas coa materia. Desenvólvense a través das TIC de forma autónoma. A última práctica consistirá na exposición e defensa dos traballos desenvolvidos.
Aprendizaxe-servizo	O ApS (Aprendizaxe-Servizo) é unha metodoloxía de ensino e aprendizaxe grazas á cal o alumnado pon en práctica coñecementos e desenvolven habilidades e actitudes mediante un servizo á comunidade. Combina dous elementos: aprendizaxe a través da experiencia e o servizo á comunidade. A participación neste proxecto será voluntaria. Formará parte da avaliación da materia para quen participara no mesmo
Lección maxistral	Exposicións sobre contidos da materia, bases teóricas e/ou directoras dun traballo, exercicio ou práctica a desenvolver individual ou en grupo.
Aprendizaxe colaborativa	Comprende un grupo de procedementos de ensino que parten da organización da clase en pequenos grupos mixtos e heteroxéneos onde o alumnado traballa de forma coordinada entre si para desenvolver tarefas académicas e afondar na súa propia aprendizaxe. Esta materia forma parte do Proxecto de innovación docente da Facultade de Educación e Traballo social
Gamificación	A aplicación de mecánicas propias dos xogos para as súas aplicacións nos procesos de aprendizaxe nun entorno lúdico que propicia a motivación, implicación e diversión.
Aprendizaxe baseado en proxectos	As prácticas con TIC derivarán na realización dun Proxecto Didáctico que será o produto final con relevancia social da ABP da parte práctica da materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Traballo tutelado	Atenderanse as demandas puntuais que presente o alumnado de forma personalizada ou grupal. Ofreceranse as directrices e supervisión oportuna para o desenvolvemento da aprendizaxe, vinculando coa actividade autónoma do estudante. Esta atención personalizada ó alumnado tamen se realizará a través de: -Titorización presencial: No despacho do profesorado ou por teléfono en horario de titorías. - Titorizacións vía correo electrónico: para atender a incertidume e dúbidas urxentes sobre a realización dos traballos, actividades, exames, etc. - Teleformación coa plataforma Faitic: para comunicados/avisos, entrega de documentos/materiais, envío de actividades/exercicios, etc.
Prácticas con apoio das TIC	Para profundizar ou aclarar cuestións de tipo práctico vencellados á materia.
Aprendizaxe baseado en proxectos	Os proxectos, realizados en equipos cooperativos, serán supervisados e titorizados ao longo de todo o proceso. Atendendo ás dúbidas que poidan xurdir, así como resolución de conflitos persoais ou contribución ao mellor traballo en equipo.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Traballo tutelado	Realizacion de actividades de tipo teoricas.	15	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12	C10 C13 C14 C25 C28 C29 C33 C41 C50 C57 C61	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D21
Prácticas con apoio das TIC	Produción das actividades prácticas de laboratorio. Proceso de elaboración colaborativo no que se inclúe o ApS	30	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12	C10 C13 C14 C25 C28 C29 C33 C41 C50 C57 C61	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D21
Cartafol/dossier	Resultados das actividades prácticas de laboratorio en formato e-portfolio (reflexión). Inclúe a defensa e a exposición do produto final ABP.	30	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12	C10 C13 C14 C25 C28 C29 C33 C41 C50 C57 C61	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D21
Exame de preguntas obxectivas	Proba sobre os contidos da materia	25				

Outros comentarios sobre a Avaliación

- Para superar a materia é necesario ter unha puntuación mínima na teoría (2 puntos sobre 4, tendo o exame aprobado) e nas prácticas (3 puntos sobre 6). As competencias non adquiridas na convocatoria de xuño serán avaliadas na de xullo e, de no superarse, non se gardarán as notas para o curso seguinte.

(é dicir, as partes da materia superadas na 1ª oportunidade NON serán obxecto de avaliacón na 2ª, considerándose como aprobadas nese curso académico).

- Para ser calificados/as a través da avaliación continua requírese a asistencia do alumnado, ó menos, ó 80% das sesións prácticas e teóricas respetivamente. Outras situaciones excepcionais que merezan un trato específico analizaranse no seu momento.

- As datas de realización do exame final-oficial, que realizará obrigatoriamente todo alumnado serán as que figuran no calendario de exames da Facultade.

- O lugar de publicación das cualificacións e da revisión será no taboleiro de anuncios do despacho do profesorado

responsable e/ou na Plataforma Moovi ou en calquera outro espazo dixital que se lle especifique. Se o alumno/a non o especifica durante a primeira semana de clase, enténdese que dá o seu permiso para que os seus datos (nome completo) aparezan nos listados de notas, tanto en Moovi como noutro espazo. A data de revisión será a publicada pola facultade ou no seu defecto polo profesorado.

- Segundo a normativa vixente, con independencia da súa asistencia ou non as clases, o alumnado gozará de condicións equivalentes de avaliación.

Na Web da Facultade pódese consultar día/hora/lugar do examen (apartado *datas exames*).

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo Social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT.

O emprego de ferramentas de IA nas actividades de avaliación desta materia deberá axustarse a un uso responsable, ético e transparente, conforme ás directrices da FETS (https://fcce.uvigo.es/gl/o-centro/normativa-e-formularios/#normativa) e á Normativa que estableza a UVigo.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Raposo-Rivas, M.; Cebrián de la Serna, M., **Tecnologías para la formación de educadores en la sociedad del conocimiento**, Pirámide, 2020

Cebrian De la Serna, M.; Gallego Arrufat, M.J., **Procesos educativos con TIC en la sociedad del conocimiento**, Pirámide, 2011

Castañeda, L., Esteve, F. e Adell, J., **¿Por qué es necesario repensar la competencia docente para el mundo digital?**, 56, RED. Revista de Educación a Distancia, 2018

Alonso-Ferreiro e López-Gómez, S. (coords.), **Crear para aprender: STEAM**, 80, REvista Galega de Educación, 2021

Bibliografía Complementaria

Rodríguez Rodríguez, J; Area, M. e San Martín Alonso, Á. (coords.), **Infancia y transformación digital de la Educación**, Dykinson, 2024

Zuboff, S., **La era del capitalismo de la vigilancia**, Ediciones Paidós, 2020

hooks, b., **Enseñar a transgredir**, Capitán Swing Libros, 2021

Regueira, U. e Alonso-Ferreiro, A., **La competencia digital del alumnado de Educación Primaria desde la perspectiva de género: conocimientos, actitudes y prácticas**, 42, Estudios sobre Educación, 2022

Recomendacións

Outros comentarios

Esta materia forma parte do Proxecto de innovación docente da Facutlade de Educación e Traballo social

RECOMÉNDASE: 1) Asistencia continua ás sesións de teoría e prácticas. A asistencia considérase fundamental para o seguimiento da materia por parte do alumnado e para a evaluación, por parte dos docentes, do grao de desenvolvemento das capacidades instrumentais e procedimentais. Máis de 3 faltas supoñen a presentación obrigatoria do alumno/a ao exame práctico da materia. 3 ou menos faltas terán que recuperarse do modo acordado coa profesora. 2) Dominio da informática a nivel usuario, o que supón o manexo de aplicacións de carácter xeral (por exemplo, un tratamiento de textos, unha base de datos e un programa de presentacións), do correo electrónico e Internet. 3) Actitude favorable e receptiva para a experimentación e exploración das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías no campo educativo. 4) Que o alumnado non asistente o comunique o antes posible para determinar as alternativas metodolóxicas e de avaliación que se van a seguir. 5) Emprego efectivo e ético da tecnoloxía móbil na aula.

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento de 0-6 anos				
Materia	Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento de 0-6 anos			
Código	O05G110V01104			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Psicoloxía evolutiva e comunicación			
Coordinador/a	Rodríguez Rodríguez, Juan Luís			
Profesorado	Rodríguez Rodríguez, Juan Luís			
Correo-e	juanluisrr@uvigo.es			
Web	http://			
Descrición xeral	Trátase dunha materia de carácter básico, situada no primeiro curso do grao de educación infantil. Facilita a comprensión das claves do desenvolvemento humano e os cambios que teñen lugar nos procesos psicolóxicos (memoria, cognición, linguaxe, etc.) ao longo do período de 0 a 6 anos. Estes coñecementos son nucleares na formación de mestres/as que representan unha ferramenta indispensable para poder contribuír ao desenvolvemento de nenos e nenas a través dunha axeitada planificación dos seus procesos de aprendizaxe.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Código	
A2	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A5	Que o estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
B3	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas do estudantado, á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos
B6	Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión
C1	Comprender os procesos educativos e de aprendizaxe no periodo 0-6, no contexto familiar, social e escolar.
C2	Coñecer os desenvolvementos da psicología evolutiva da infancia nos periodos 0-3 e 3-6.
C4	Recoñecer a identidade da etapa e as súas características cognitivas, psicomotoras, comunicativas, sociais, afectivas.
C8	Saber informar a outros profesionais especialistas para abordar a colaboración do centro e da docente na atención ás necesidades educativas especiais que se susciten
C21	Saber traballar en equipo con outros profesionais de dentro e fóra do centro na atención a cada estudante, así como na planificación das secuencias de aprendizaxe e na organización das situacións de traballo na aula e no espazo de xogo, identificando as peculiaridades do periodo 0-3 e do periodo 3-6.
C23	Comprender que a observación sistemática é un instrumento básico para poder reflexionar sobre a práctica e a realidade, así como contribuír á innovación e a mellora en educación infantil.
C24	Dominar as técnicas de observación e rexistro.
C25	Abordar análise de campo mediante metodoloxía observacional utilizando tecnoloxías da información, documentación e audiovisuais.
C26	Saber analizar os datos obtidos, comprender criticamente a realidade e elaborar un informe de conclusións.
C29	Valorar a importancia do traballo en equipo
C30	Participar na elaboración e seguimiento de proxectos educativos de educación infantil no marco de proxectos de centro e en colaboración co territorio e con outros profesionais e axentes sociais.
C36	Coñecer a metodoloxía científica e promover o pensamento científico e a experimentación.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita
D6	Capacidade de xestión da información
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D11	Habilidades nas relacións interpersoais

D12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D13	Razoamento crítico
D15	Aprendizaxe autónoma

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Dominar os coñecementos necesarios para comprender o desenvolvemento da personalidade dos estudantes de infantil.	A3	B2 B3 B6	C1 C2 C4 C8 C21 C23 C24 C25 C26 C29 C30 C36	D1 D2 D3 D6 D8 D9 D11 D12 D13 D15
Coñecer as características dos estudantes de infantil así como os seus contextos coa finalidade de estimular e potenciar o desenvolvemento persoal de nenos e nenas.	A2 A3	B2 B3 B6	C1 C2 C4 C8 C21 C23 C24 C25 C26 C29 C30 C36	D1 D2 D3 D6 D8 D9 D11 D12 D13 D15
Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas en psicoloxía do desenvolvemento na idade infantil.	A2 A3	B2 B3 B6	C1 C2 C4 C8 C21 C23 C24 C25 C26 C29 C30 C36	D1 D2 D3 D6 D8 D9 D11 D12 D13 D15
Promover o traballo autónomo e en equipo coa finalidade de mellorar o logro académico e desenvolver estratexias que permitan posteriormente participar na mellora dos procesos de desenvolvemento a través das prácticas educativas.	A2 A3 A5	B2 B6	C1 C2 C4 C8 C21 C23 C24 C25 C26 C29 C30 C36	D1 D2 D3 D6 D8 D9 D11 D12 D13 D15

Contidos

Tema	
Paradigmas e teorías do desenvolvemento humano.	Desenvolvemento psicolóxico. Estudo do desenvolvemento humano. Controversias conceptuais. Modelos e teorías explicativas do desenvolvemento.
Contextos e factores do desenvolvemento na idade infantil	Contextos e factores do desenvolvemento na idade infantil
Desenvolvemento físico e psicomotor dos 0 aos 6 anos.	Desenvolvemento prenatal e neonatal. Control do corpo e actividade psicomotriz. Esquema corporal. Lateralización. Desenvolvemento temperán da capacidade perceptiva.

Desenvolvemento comunicativo.	Inicios da comunicación e a interacción social. Comunicación preverbal. Intención comunicativa. Intersubxectividade. Significados e símbolos.
Desenvolvemento cognitivo e lingüístico entre os 0 e 6 anos.	Desenvolvemento da atención. Desenvolvemento da memoria e utilización de estratexias. Orixes da representación mental e sistemas de representación. Razoamento e utilización de regras. Desenvolvemento da linguaxe: fonolóxico morfosintáctico, semántico e pragmático. Comunicación, linguaxe e pensamento.
Desenvolvemento da personalidade e afectivo-emocional entre os 0 e 6 anos.	Temperamento e desenvolvemento da personalidade. Vocabulario básico/técnico elemental. A nosa orixe. Vínculo afectivo e apego. Desenvolvemento da emocións. Coidados básicos do corpo. Coñecemento dun mesmo: Autoconcepto e Autoestima. Identidade de xénero e roles. Abusos sexuais e como evitalos. Preguntas que adoitan realizar as e os menores.
Desenvolvemento social: interaccións e relacións sociais dos 0 aos 6 anos.	Coñecemento social e desenvolvemento de normas e valores. Relacións con iguais. Os irmáns. Interaccións sociais e xogo. Agresividade. Conduta prosocial. A parella, a familia e os vínculos familiares e a colaboración de todas as persoas nas actividades domésticas.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Debate	8	12	20
Lección maxistral	9	22	31
Traballo tutelado	10	40	50
Cartafol/dossier	4	10	14
Aprendizaxe colaborativa	8	8	16
Aprendizaxe-servizo	2	2	4
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2
Observación sistemática	4	0	4
Autoavaliación	4	4	8
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto co alumnado, así como a presentar a materia.
Debate	Actividades na que dúas ou máis grupos defenden posturas contrarias sobre un tema determinado.
Lección maxistral	Exposición dos contidos da materia.
Traballo tutelado	Prácticas desenvoltas nos grupos pequenos (C) guiadas polo docente.
Cartafol/dossier	Dossier do conxunto de tarefas realizadas na aula e rematadas en casa nos grupos B.
Aprendizaxe colaborativa	O estudante en grupos base traballará contidos teóricos e prácticos a través de diferentes estruturas cooperativas simples e complexas. Esta materia forma parte do Proxecto de innovación docente da Facutlade de Educación e Traballo social.
Aprendizaxe-servizo	Existe a posibilidade de que os estudantes substitúan unha tarefa do Cartafol/dossier e Aprendizaxe colaborativa por unha proposta de Aprendizaxe Servizo (APS) Educa na diversidade para transformar a sociedade que terá unha duración de 6 horas e consiste nun traballo en equipo, guiados por un plan de traballo que concreta as actividades, as entregas e os prazos. As fase e actividades do traballo tutelado son catro: 1) revisión bibliográfica; 2º) deseño do produto que se pon ao servizo da comunidade. 3º) Verificación do produto. 4º) De exposición e presentación do produto. Este plan de traballo adaptase ao tema e poboación que se vai a estudar e coa que se vai a intervir.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**

Lección maxistral	Exposición dos contidos da materia
Traballo tutelado	Atenderanse as dúbidas expostas.
Debate	Actividades na que dúas ou máis grupos defenden posturas contrarias sobre un tema determinado
Cartafol/dossier	Dossier do conxunto de tarefas realizadas na aula e rematadas en casa nos grupos B.
Aprendizaxe colaborativa	Realizarase unha valoración individual do traballo feito individualmente dentro do equipo base para propor as melloras correspondentes.
Aprendizaxe-servizo	Realizarase unha valoración individual do traballo feito individualmente dentro do equipo base para propor as melloras correspondentes do produto final.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Debate	Os alumnos discuten e achegan sobre un tema, previamente preparado mediante lectura	10	A2 A3 A5	B2 B3 B6	C1 C2 C4 C8 C21 C23 C24 C25 C26 C29 C30	D1 D2 D3 D6 D8 D9 D11 D12 D13 D15
Traballo tutelado	Presentación ao Grupo C do traballo que se está a realizar. Realización dun traballo en grupo, referidos á materia, cun compoñente básico de aplicación práctica. Exposición pública do mesmo. Valórase a presentación do traballo, tanto escrita como oral: o aspecto práctico do mesmo e o deseño con carácter científico.	25	A2 A3 A5	B2 B3 B6	C1 C2 C4 C8 C21 C23 C24 C25 C26 C29 C30 C36	D1 D2 D3 D6 D8 D9 D11 D12 D13 D15
Cartafol/dossier	Cartafol subido a plataforma de teledocencia do conxunto de tarefas realizadas nos grupos B.	25	A2 A3 A5	B2 B3 B6	C1 C2 C4 C8 C21 C23 C24 C25 C26 C29 C30 C36	D1 D2 D3 D6 D8 D9 D11 D12 D13 D15
Exame de preguntas obxectivas	Exame tipo test de todos os contidos teóricos da materia	40	A2 A3 A5	B2 B6	C1 C2 C4 C23 C36	D6 D13 D15

Outros comentarios sobre a Avaliación

Nesta materia existen tres modalidades de avaliación: O alumnado debe comunicar a modalidade de avaliación pola que opta (continua ou global) nas dúas primeiras semanas do cuadrimestre.

Alumnado presencial da modalidade de Avaliación Continua: Para o alumnado que siga a avaliación Continua, os traballos serán obrigatorios e contará a asistencia a clase, que tamén será obrigatoria (requírese unha asistencia regular de polo menos o 80% das sesións). Os traballos poderán ser entregados na aula ou subidos á plataforma (Moovi) segundo o calendario que sexa establecido. Para superar a materia será necesario que os alumnos obteñan polo menos o 50% da cualificación proposta para cada apartado, en cada proba ou actividade obxecto de avaliación. Aquel alumnado que non supere algunha das probas ou actividades obxecto de avaliación poderán recuperalas na convocatoria de xullo.

Alumnado non presencial da modalidade Avaliación Global: No caso de que un alumno ou alumna opte por non seguir

a avaliación continua e o traballo en grupo supervisado polo profesorado, terá unha avaliación das competencias da materia nun exame final, na primeira convocatoria e nas seguintes, que incluirá: unha proba dos contidos teóricos da materia (40% da nota final); un ou varios traballos de materia (40% da nota), e unha proba dos contidos prácticos da disciplina (20%).
Alumnado non presencial da modalidade de Avaliación Continua: Só para o alumnado que por motivos xustificados de forza maior non poda asistir as clase (motivos laborais, académicos, alumnado doutros cursos) poderá seguir a avaliación Continua a distancia coa finalidade de favorecer a conciliación. Os traballos serán entregados na aula virtual (Moovi) segundo o calendario que sexa establecido. Este alumnado terá que comunicar e xustificar esta modalidade ó docente nas dúas primeiras semanas de curso. Para superar a materia será necesario que os alumnos obteñan polo menos o 50% da cualificación proposta para cada apartado, en cada proba ou actividade obxecto de avaliación. Aquel alumnado que non supere algunha das probas ou actividades obxecto de avaliación poderán recuperalas na convocatoria de xullo. Para aprobar a materia, o alumno deberá obter polo menos o 50% da cualificación establecida cada unha destas partes.

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico.

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

Todas as datas de exames oficiais pódense consultar na WEB da Facultade de Educación e Traballo Social, no apartado Datas Exames.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Berger, K.S., **Psicología del desarrollo: Infancia y Adolescencia**, Editorial Médica Panamericana, 2016

Papalia, D., Olds, S.W. yFeldman, R.D., **Desarrollo humano**, McGraw-Hill Interamericana, 2012

Muñoz, A. (Coord.), **Psicología del desarrollo en la etapa de educación infantil**, Piramide, 2010

Bibliografía Complementaria

Palacios, J.; Marchesi, A. y Coll, C., **Desarrollo Psicológico y Educación Vol. 1**, Alianza editorial, 1999

Corral, A. y Pardo, P., **Psicología Evolutiva 1. Introducción al desarrollo**, UNED, 2001

Giménez-Dasi, M. y Mariscal, S., **Psicología del desarrollo desde el Nacimiento a la Primera Infancia**, McGraw-Hill, 2008

Perinat, A., **Psicología del desarrollo. Un enfoque sistémico**, Editorial UOC, 2003

Córdoba, A. I.; Descals, A. y Gil, M.D., **Psicología del Desarrollo en la Edad Escolar**, Pirámide, 2006

Delgado, B., **Psicología del Desarrollo. Desde la Infancia a la vejez**, McGraw-Hill, 2009

García Madruga, J.A.; Gutiérrez Martínez, F. y Carriedo López, N., **Psicología evolutiva II. Desarrollo cognitivo y lingüístico. Vol. 1**, UNED, 2002

Morrison, G.S., **Educación Infantil**, Pearson, 2005

Palacios, J. y Rodrigo, M. J., **La familia como contexto de desarrollo humano**, Alianza, 2001

Trianes, M.V. y Gallardo, J.A. (coords.), **Psicología de la educación y del desarrollo en contextos escolares**, Pirámide, 2004

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Psicoloxía: Fundamentos psicolóxicos da intervención temperá/O05G110V01304
Psicoloxía: Psicoloxía da educación: Procesos de aprendizaxe infantil/O05G110V01205
Psicoloxía: Identificación, prevención e tratamento dos trastornos do desenvolvemento e da conduta/O05G110V01402
Psicoloxía: Prevención e tratamento das dificultades na aprendizaxe infantil/O05G110V01305

Outros comentarios

Recoméndase:

A asistencia á primeira sesión de clase para poder coñecer os obxectivos da materia, a planificación xeral e as opcións de avaliación da mesma.
A asistencia continuada ás sesións de clase e ás titorías para poder seguir o desenvolvemento da materia por parte do estudantado.
O uso continuado da plataforma virtual na que se recollen actividades, orientacións e criterios de avaliación para o correcto desenvolvemento da materia.

Teranse en conta situacións persoais de non asistencia que deberán comunicarse nas dúas primeiras semanas do cuadrimestre para os efectos oportunos.

Empregarase como libro de referencia o de BERGER citado na bibliografía.

Esta materia forma parte do Proxecto de Innovación Docente da Facultade de Educación e Traballo Social "Aprendizaxe Cooperativa" e da Aprendizaxe-Servizo (APS) "Educa na diversidade para transformar a sociedade".

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas baseadas en materiais de baixo impacto ambiental, en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

O emprego de ferramentas de IA nas actividades de avaliación desta materia deberá axustarse a un uso responsable, ético e transparente, conforme ás directrices da FETS (Normativa e formularios Facultade de Educación e Traballo Social) e á normativa que estableza a UVigo.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Socioloxía: Socioloxía da educación				
Materia	Socioloxía: Socioloxía da educación			
Código	O05G110V01105			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinador/a	Casado Neira, David			
Profesorado	Casado Neira, David			
Correo-e	dcneira@uvigo.gal			
Web	http://https://fcce.uvigo.es/gl/			
Descrición xeral	Nesta materia abórdanse os aspectos sociais (nin pedagóxicos, nin didácticos) que inciden na educación primaria.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe
Código

Resultados previstos na materia	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Contidos	
Tema	
Conceptos xerais e perspectivas teóricas sociolóxicas.	Teorías clásicas da socioloxía da educación. Socialización, educación, escolarización, instrución.
Socioloxía da familia e da infancia.	A infancia como categoría social. Infancia e escolarización. A familia contemporánea.
Contexto social, cambios sociodemográficos e acceso ao mercado de traballo, políticas educativas.	Demandas sociais da educación e reformas educativas.
Educación e cidadanía.	Xénero, multiculturalidade, discriminación, inclusión social, participación na vida política e económica...).
Culturas familiares e cultura escolar.	Reprodución cultural e factores sociais do rendemento escolar (clase, xénero...).
Relación entre educación familiar, demandas da comunidade e práctica na escola.	Escola, familia e comunidade.
Currículo oculto e socialización na aula.	Currículo oculto e socialización na aula e no centro.
Socioloxía da interacción na aula e resolución de conflitos.	O centro educativo como escenario social.
Impacto e uso das tecnoloxías na educación.	Os media na educación.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	28	0	28
Seminario	8	8	16
Aprendizaxe colaborativa	13	42	55
Exame de preguntas obxectivas	2	34	36
Traballo	2	13	15

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor/a dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio que o/a estudante ten que desenvolver.
Seminario	Actividade enfocada ao traballo sobre un tema específico, que permite afondar ou complementar os contidos da materia. Pódese empregar como complemento das clases teóricas.

Aprendizaxe colaborativa	O/A estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias etc.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Seminario	Titoría en grupo
Aprendizaxe colaborativa	Traballos tutelados
Probas	**Descrición**
Traballo	Traballos e proxectos

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Seminario	Traballo previo de lectura de textos e valoración da participación na discusión común.	25	
Aprendizaxe colaborativa	Seguimento do traballo (aula e autónomo) a través de diferentes actividades individuais e/ou colectivas. Pode incluír avaliación entre pares e autoavaliación.	35	
Exame de preguntas obxectivas	Proba(s) sobre os contidos teóricos da materia.	40	

Outros comentarios sobre a Avaliación

- O sistema de avaliación será de avaliación continua. O estudantado poderá optar a unha avaliación alternativa global. Ata 32 días tras o comezo do curso este deberá comunicar (vía correo electrónico) ao profesorado responsable da materia que opta por esta modalidade. Só poderá presentarse ao exame final o estudantado que opte pola avaliación global.
- Para aprobar a materia é imprescindible superar as tres probas/metodoloxías.
- As partes da materia superadas na 1° oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2°, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico.
- As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da facultade no espazo 'datas exames'.
- En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).
- Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para alumnado do curso ponte garantindo, en todo caso, a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi na cal se informará das tarefas e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para alumnado do curso ponte ou profesionais en exercicio.
- Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).
- O emprego de ferramentas de IA nas actividades de avaliación desta materia deberá axustarse a un uso responsable, ético e transparente, conforme ás directrices da FETS (https://fcce.uvigo.es/gl/o-centro/normativa-e-formularios/#normativa) e á Normativa que estableza a UVigo.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Fernández Enguita, M., **La escuela a examen**, Pirámide, 1999

Giner, S., Lamo de Espinosa, E., Torres, C. (eds.), **Diccionario de sociología**, Alianza Editorial, 1998

Macionis, J. J., Plummer, K., **Sociología**, Prentice Hall, 1999

Bibliografía Complementaria

Querrien, A., **Trabajos elementales sobre la escuela primaria**, La Piqueta, 1994

Gaitán Muñoz, L., **La nueva sociología de la infancia. Aportaciones de una mirada distinta**, 43(1), Política y Sociedad, 2006

Recomendacións

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Comunicación: Lingua galega				
Materia	Comunicación: Lingua galega			
Código	O05G110V01201			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Iglesias Álvarez, Ana María			
Profesorado	Iglesias Álvarez, Ana María			
Correo-e	anaiglesias@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A especialidade de Grao en Educación Infantil esixe que o futuro docente posúa, ademais dunha ampla formación en aspectos psicopedagóxicos, un dominio cabal da ferramenta básica e imprescindible na comunicación: a lingua. Tal competencia é condicion sine qua non para a transmisión de coñecementos e para formar os discentes dun xeito integral. Tres son as destrezas que os profesores deben perfeccionar nas aulas para alcanzar os obxectivos inherentes á aprendizaxe desta materia: a capacidade lectora (comprensión, ritmo, dicción), a expresión oral (corrección, claridade, fluidez) e a expresión escrita (corrección, cohesión, propiedade). O futuro mestre de Educación Infantil deberá, polo tanto, adquirir un nivel adecuado de lingua galega que lle permita o dominio das destrezas arriba sinaladas (lectura expresiva, expresión oral e expresión escrita) para levar a cabo unha tripla tarefa: utilizar a lingua galega como lingua normal no ensino, servir de modelo de corrección lingüística aos seus alumnos e detectar e corrixir os erros que estes poidan cometer na lingua oral e na escrita.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Código	
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita
D7	Resolución de problemas
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D13	Razoamento crítico
D14	Compromiso ético
D15	Aprendizaxe autónoma
D17	Creatividade
D18	Liderado

Resultados previstos na materia	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación.	D3 D11 D13 D14
Falar, ler e escribir correcta e axeitadamente en galego.	D1 D2 D3 D11 D13 D15
Coñecer e dominar técnicas de expresión oral e escrita para mellorar as competencias orais e escritas e, especialmente, para mellorar a redacción de textos académicos.	D1 D3 D13 D17
Coñecer a fonética e a ortografía da lingua galega.	D3 D15

Coñecer a gramática da lingua galega.	D1 D3 D12 D15
Coñecer os diferentes rexistros e usos da lingua.	D3 D18
Comprender as regras de formación de palabras polas que a lingua galega enriquece o seu vocabulario por vía interna.	D1 D3 D7
Coñecer e utilizar adecuadamente un léxico suficiente para expresarse con precisión na exposición oral e na redacción de textos.	D3 D7 D11 D12 D15

Contidos	
Tema	
Fonética e ortografía	O uso das grafías e o sistema fonético galego. A acentuación gráfica. Palabras de ortografía dubidosa. Os signos de puntuación.
Gramática	Substantivo e adxectivo. Artigo. Pronome persoal. Demostrativo. Posesivo. Indefinidos e numerais. Relativos, interrogativos e exclamativos. O adverbio. O verbo. O infinitivo conxugado. As perífrases verbais. Os elementos de relación: preposicións e conxuncións. A sintaxe oracional. Concordancia nominal e correlación verbal.
Léxico e Formación de palabras	Palabras patrimoniais, semicultismos e cultismos. Grupos consonánticos. Sufixos e terminacións. Familias léxicas irregulares. Interferencias léxicas. Neoloxismos. A precisión léxica: selección do léxico, incorreccións comúns, tópicos e abusos. Procesos de formación de palabras e morfoloxía léxica. Derivación: prefixación e sufixación. Parasíntese. Composición. Outros procedementos.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	13	21	34
Traballo tutelado	6	16	22
Actividades introdutorias	2	0	2
Presentación	2	10	12
Lección maxistral	16	35	51
Aprendizaxe colaborativa	10	15	25
Exame de preguntas obxectivas	3	0	3
Observación sistemática	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Resolución de problemas	Nas clases realízanse actividades variadas, seguindo as dinámicas e estruturas da aprendizaxe cooperativa, nas cales se fomenta a resolución de tarefas en grupo.
Traballo tutelado	Traballarase en equipo na elaboración dun proxecto escrito e oral.
Actividades introdutorias	Presentación da materia: contidos, avaliación e metodoloxía docente. Presentación do cronograma de planificación do curso.
Presentación	Exposición oral dun tema por parte do alumnado.

Lección maxistral	Desenvolvemento práctico do programa da materia seguindo a metodoloxía cooperativa de traballo en equipos.
